

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 7 DE MARZO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica OU-131 a prol do Concello da Bola.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea a Jacobo Sutil Nesto director da Axencia Galega das Industrias Culturais.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Vigo.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan de obxectivos para o ano 2013 da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a adhesión do Concello de Ponteceso á Axencia de Protección de Legalidade Urbanística.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial denominado LAT aéreo-soterrada 6 kV subestación parque eólico de Monteagudo a subestación Morás, concellos de Carballo, A Laracha e Arteixo, da provincia da Coruña, como de incidencia

supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o balance dos 100 primeiros días do Goberno.
- Informe sobre a sinatura do convenio de colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), sobre a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento de vivenda familiar e medidas de carácter social.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o anteproxecto de Lei de fomento do emprendemento de Galicia (FOEMGA).
- Informe sobre as bases reguladoras polas que se anuncia a convocatoria de subvencións, para o ano 2013, de aforro e eficiencia enerxética a proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior (ILE) nos concellos de Galicia, no marco do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 3 de xullo de 2008 e con financiamento procedente de fondos comunitarios derivados do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o desenvolvemento da estratexia de atención integral á dor no Servizo Galego de Saúde.

A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA OU-313 A PROL DO CONCELLO DA BOLA

- ***O Concello da Bola terá que incorporar ao seu plan de estradas a vía a que se refire este decreto***
- ***Así mesmo, a este municipio ourensán correspóndelle, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación deste treito***

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de hoxe aprobou o Decreto de cambio de titularidade dun treito de algo máis dun quilómetro da estrada OU-313, a prol do concello ourensán da Bola, concretamente no núcleo rural de Rairigo, desde o pq 6+500 ata o 7+730, final do municipio. A cesión é conveniente co obxecto de simplificar e facilitar a tramitación de permisos de edificacións nas súas marxes, construción de infraestruturas e servizos urbanos, etc. O Concello asumirá a súa titularidade e mantemento.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas e que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.

En aplicación do artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, as entidades locais no marco das súas competencias, e de acordo cos correspondentes plans de estradas, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

Obrigas municipais

De acordo co exposto, o Concello de Bola deberá incorporar ao seu plan de estradas a vía a que se refire este decreto. Así mesmo, a este municipio correspóndenlle, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación deste treito; así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

A entrega da vía formalizarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

CULTURA E EDUCACIÓN SITUA A JACOBO SUTIL Á FRONTE DA AGADIC

▪ ***O consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a este nomeamento***

O consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e praxe ao nomeamento de Jacobo Sutil Nesta como novo director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), ocupando o cargo que desempeñara Juan Carlos Fernández Fasero, quen deixou a axencia por motivos persoais.

O novo director da Agadic é licenciado en Ciencias Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela, na rama de Fontes de Financiamento e realizou o MBA da Escola de Negocios Caixanova e o Máster en Dirección Financieira e Control de Xestión de CESMA Business School.

Sutil Nesta desenvolveu a súa carreira profesional en diferentes postos de responsabilidade, no eido da xestión orzamentaria, finanzas, negociación e desenvolvemento de novos produtos.

Este nomeamento únese á activación a semana pasada das tres redes de distribución de espectáculos da Agadic, de tal forma que a engrenaxe de actuación da axencia funciona xa a pleno rendemento para facer fronte aos novos retos. Entre eles cómpre salientar a posta en marcha dun novo programa de difusión escénica, que está destinado a propiciar a proxección das compañías de teatro galego en Portugal, potenciar a comunicación intercultural, o intercambio no marco da lusofonía e, en definitiva, a internacionalización da industria cultural galega.. Para a activación das tres redes e máis para o impulso desta nova iniciativa, a Consellería destina un orzamento de máis de 658.000 euros.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE XESTIÓN INTEGRADA DE VIGO

- ***Trátase de crear a estrutura de xestión adecuada para dar a mellor resposta ás necesidades asistenciais da área de Vigo***
- ***A xestión integrada simplifica as estruturas organizativas e busca unha organización horizontal, transversal, sen chanzos, e que sitúa o paciente como eixe do sistema***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto que regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Vigo, que sairá publicado proximamente no *Diario Oficial de Galicia*. Trátase de continuar coa implantación da xestión integrada, cunha única estrutura que asumirá a xestión dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como especializada, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.

A estrutura de xestión integrada de Vigo será a encargada da coordinación, supervisión e seguimento dos servizos e prestacións incluídas no concerto singular vixente co Hospital Povisa, de conformidade coa súa carteira de servizos.

Beneficios da xestión integrada

A xestión integrada orientase a acadar unha organización horizontal, transversal, sen chanzos. Os obxectivos están centrados na atención no paciente coa implicación de todos os profesionais na toma de decisións mediante o uso da xestión clínica como ferramenta para evolucionar dun sistema xa superado de organización por compartimentos a outro transversal ou horizontal; e garantir a equidade, accesibilidade, continuidade, calidade e seguridade da atención.

Tamén busca minimizar a variabilidade clínica e eliminar a duplicidade de procedementos diagnósticos e terapéuticos; garantir a transparencia e a autonomía de decisión dos pacientes establecida na lexislación vixente; orientar a planificación dos procesos arredor dos problemas de saúde; e utilizar eficientemente todos os recursos mediante a promoción do traballo en equipo e a implicación dos profesionais na xestión.

A xestión integrada sitúa o paciente como eixe do sistema, pois recibirá unha resposta asistencial axeitada en tempo e lugar, sen sensación de trámites ou burocracia, sen repetición de probas de forma innecesaria, evitando derivacións innecesarias a servizos e sen esperas.

Para o persoal, esta nova estrutura aumenta as posibilidades de desenvolvemento profesional, pois permite maior mobilidade no ámbito dos servizos da propia área – sempre de forma pactada e voluntaria- e proxección profesional, o que redunda en máis motivación e satisfacción.

Antecedentes

Este decreto é o desenvolvemento da obriga legal que establece a Lei 14/1986, xeral de sanidade, e o artigo 97 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia, sobre a introdución na asistencia sanitaria de modelos de xestión e fórmulas organizativas cunha visión horizontal e integradora dos procesos asistenciais.

Tamén está incluído como unha actuación do primeiro obxectivo da Estratexia Sergas 2014: saúde e demanda dos cidadáns.

A POLICÍA AUTONÓMICA CREARÁ UN GRUPO ESPECIALIZADO EN VIOLENCIA DE XÉNERO E POTENCIARÁ O GRUPO DE MENORES E FAMILIA

- *Este ano a Unidade acadará a súa cota máxima de persoal con case 500 efectivos*
- *Grazas a este incremento de efectivos, a Policía Autonómica poderá abrir novas liñas de colaboración e potenciar as xa existentes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de obxectivos para o 2013 da Policía Autonómica galega que ten como obxectivo principal a creación dun grupo especializado en violencia de xénero, ademais da potenciación do grupo de menores e familia.

No ano 2012, a Policía Autonómica incrementou o seu cadro de persoal, despois de que o Ministerio de Interior incorporara á Unidade 93 novos efectivos, e ademais este ano se incrementarase con 47 prazas máis que xa están convocadas por resolución da Dirección General da Policía, mediante o concurso específico de méritos 2013 que se está desenvolvendo nestes momentos. Deste xeito, a Unidade acadará este ano a súa cota máxima de persoal con case 500 efectivos.

Grazas a este incremento de efectivos, a Unidade poderá abrir novas liñas de colaboración e potenciar as xa existentes, como é o caso do grupo especializado en menores e familia. Por vez primeira implicarase en tarefas de mediación policial, en colaboración cos demais corpos de seguridade que traballan nesta área, de maneira que se manteña unha coordinación recíproca.

No eido da violencia de xénero, menores e familia, a Policía Autonómica colaborará na busca, localización e reintegro de menores fugados, no control da venda de alcohol a menores, na inspección a establecementos expendedores de alcohol a menores e o seu consumo na vía pública, na detección de malos tratos a menores no ámbito familiar, control do absentismo escolar, e emprego de menores para mendicidade

Ademais, grazas a este novo incremento de persoal potenciaranse determinados servizos operativos, especialmente relacionados coa prevención e investigación de incendios forestais, e tamén coa loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal que son dous dos eixos competenciais en que vén centrando a acción da Policía Autonómica nos últimos anos, e que neste ano se verán reforzados en funcións preventivas, de investigación e intervención.

Reforzo da investigación

Na área de investigación seguirán levándose a cabo actividades de investigación ambiental, no que se refire á inspección de talleres, pneumáticos fóra de uso, plásticos agrarios, puntos de verteduras incontroladas, control de residuos de construción e demolición, residuos sólidos urbanos, despezamento de vehículos e control de verteduras e puntos limpos, entre outros.

No eido de investigación en sanidade animal, levaranse a cabo actividades inspectoras en colaboración cos servizos veterinarios da Xunta, en feiras e mercados, así como a vixilancia o cumprimento da normativa de benestar animal, no que se refire a transporte animal e explotacións gandeiras, entre outros. Neste eido, tamén se engloba o control dos residuos Sandanch, que son subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, e o control e inspección de establecementos de distribución e venda de produtos fitosanitarios, así como a vixilancia do gando mostrenco e o seguimento e vixilancia da actividade cinexética de caza, pesca e furtivismo.

Especial importancia ten a colaboración da Policía Autonómica co Plan de loita contra incendios forestais de Galicia (PLADIGA), con patrullas especiais de vixilancia en zonas forestais, control de queimas, talas, plantacións, pastos en zonas afectadas polos lumes, caza irregular e seguimento de zonas queimadas, así como investigación de incendios, mediante inspeccións oculares, captación de información e colaboración e coordinación cos distritos forestais e de servizos contra incendios.

No que respecta ao patrimonio histórico de Galicia, levaranse a cabo actividades de investigación, control e vixilancia en coordinación coa Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta, con especial atención a calquera tipo de actividade que pretenda agredir ou alterar o contorno do Camiño Francés, e os demais camiños de Santiago mediante patrullas, controis e visitas aos albergues e auxilios humanitarios.

Seguridade e intervención

Na área de seguridade e intervención, os principais eixes son potenciar a actuación do grupo especializado Erpol, no que se refire a control e investigación do furtivismo e marisqueo ilegal, así como incrementar os servizos de seguridade e protección, mantendo e fomentando a colaboración con outros corpos e forzas de seguridade que traballan nestas áreas, de maneira que se incremente a coordinación recíproca e se poidan prestar servizos máis eficientes para a cidadanía.

O CONCELLO CORUÑÉS DE PONTECESO DELEGA AS SÚAS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS NA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE

- ***A APLU será a encargada dos labores de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións***
- ***A axencia terá competencias en solo rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados***
- ***Os ingresos das multas coercitivas e sancións impostas serán repartidos a partes iguais entre a Administración autonómica e o concello***
- ***Con esta adhesión son 65 os convenios autorizados polo Consello da Xunta e 58 os convenios asinados***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Concello coruñés de Ponteceso. Con esta adhesión son 65 os convenios autorizados polo Consello da Xunta e 58 os convenios asinados.

Este acordo permite que o municipio delegue na APLU o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións. As actuacións terían que estar situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Ingresos compartidos

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao concello.

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e considérase que a

vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello.

A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por último, o Concello debe prestar a cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da Axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da Axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

A XUNTA AVANZA NA INFRAESTRUTURA ELÉCTRICA QUE EVACUARÁ A ENERXÍA DO FUTURO PARQUE EÓLICO DE MONTEAGUDO

- ***A nova liña de alta tensión contará cunha lonxitude de 15,5 quilómetros e unirá a futura subestación do parque eólico coruñés coa de Morás***
- ***Este parque terá un total de 7 aeroxeradores que suman 19 megavatios de potencia***

O Consello da Xunta declarou hoxe a incidencia supramunicipal da liña eléctrica de alta tensión que unirá a futura subestación do parque eólico de Monteagudo, na provincia da Coruña, coa de Morás.

A liña, composta por un tramo aéreo e dous soterrados, contará cunha lonxitude superior aos 15,5 quilómetros, e permitirá evacuar á rede eléctrica a enerxía xerada polo mencionado parque.

Esta infraestrutura eléctrica, que discorrerá polos municipios coruñeses de Carballo, Arteixo e A Laracha, conta cun orzamento de máis de 2,1 millóns de euros, e será desenvolvida pola empresa Eólica Gallega del Atlántico, S.L.

O futuro parque eólico de Monteagudo beneficiará os tres concellos mencionados, e terá un total de 7 aeroxeradores con 19 MW de potencia, contando cun orzamento de 20,6 millóns de euros.

A través da nova infraestrutura, o Goberno galego mantén a súa aposta polo impulso das enerxías renovables, traballando no desenvolvemento dun modelo que colabore na reactivación económica de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA ANALIZA O BALANCE DOS PRIMEIROS 100 DÍAS DE LEXISLATURA

Cando están a punto de cumprirse os cen primeiros días dende a toma de posesión do novo Goberno, pódese dicir que:

- A Xunta está cumprindo os compromisos que os galegos respaldaron de forma maioritaria nas urnas;
- E que están enfocadas todas as liñas de actuación comprometidas no discurso de investidura do presidente Feijóo.

Cinco grandes obxectivos:

1. Que Galicia poida **seguir blindando o seu autogoberno.**
2. Que Galicia poida **seguir sendo un referente de eficiencia en España.**
3. Que Galicia poida **seguir apoiando o seu futuro na cooperación,** e non entorpecendo as súas posibilidades coa división.
4. Que Galicia poida **seguir blindando o benestar da súa xente.**
5. E que Galicia poida aproveitar o rigor consolidado nos últimos anos para **que se incorpore nesta lexislatura á senda do crecemento.**

1) GALICIA: BLINDADO AUTOGOBERNO

Fronte a outras autonomías que se ven abocadas á dependencia do resto do Estado para afrontar moitas das súas obrigas económicas, ou que se ven abocadas mesmo ao rescate, seguirase traballando para que Galicia siga dependendo de si mesma.

Deste xeito:

- Aprobouse o **Proxecto de Lei de Orzamentos da Xunta para 2013** nun prazo de só 16 días hábiles dende a toma de posesión do Goberno.

- **Acreditouse que o pasado ano Galicia volveu cumprir co déficit** acordado no Consejo de Política Fiscal e Financeira e está en condicións de seguir facéndoo en 2013, como en 2009, en 2010, en 2011 e en 2012.
- Nestes cen días a Administración autonómica situouse no entorno medio de **50 días para o pago a provedores**.
- **Completoouse practicamente todo o Programa de endebedamento para este ano 2013**: no mes de xaneiro logrouse practicamente o necesario para todo o ano.
- **Avanzouse no compromiso de reducir a dependencia da débeda**, e os custes financeiros medran só un 10% en 2013, o menor crecemento de todas as comunidades, tres veces e medio menos que a media nacional.

2) GALICIA: CONTINUAR NA SENDA DA EFICIENCIA

Para lograr unha xestión máis eficiente:

- **O Goberno galego é o máis reducido de todas as nacionalidades históricas** e, segue avanzando na redución da estrutura da Xunta.
- Supresión de máis altos cargos: **todos os membros do Goberno galego revisaron á baixa a composición dos seus departamentos**.
- Avance no exercicio de transparencia practicado pola Xunta:
 - **Publicación na páxina web da Xunta das declaracións da renda e de patrimonio do presidente do Goberno galego.**
 - **Publicación no DOG dos bens patrimoniais dos membros do Goberno.**
- Novas fusións:
 - **Axencia de Turismo** (que unifica os tres departamentos existentes anteriormente neste eido)
 - **Fusión das Xestures**
 - **Inicio da constitución da Corporación da CRTVG**, que entre outras cousas permitirá reducir o seu consello de Administración.

- Continuouse na **redución dos alugueiros da Xunta**, que este 2013 permitirá aforrar máis de 1 M €.
- Dotación de máis profesionais estables nos servizos públicos:
 - **Toma de posesión do persoal dos grupos I a IV**
 - **Aprobación da oferta pública de emprego na Administración Xeral e en Educación**, como xa se fixera en Sanidade a finais da pasada lexislatura.
- **Posta en funcionamento da Axencia Tributaria**
- **Contratación centralizada** de materiais sanitarios:
 - Contratación centralizada dos contrastes radiolóxicos.
 - Participación no concurso – marco do Estado para a adquisición de diversas vacinas.
- Aposta pola **eficiencia enerxética**, que ten sido unha **prioridade** por exemplo na **licitación dos servizos en distintos hospitais sanitarios** (Burela, Barbanza Calde, Verín, Monforte, Ferrol, ou máis recentemente os servizos do hospital de Ourense).
- Aposta pola eficiencia a través das novas tecnoloxías:
 - **Aprobación da Lei de Telecomunicacións**
 - **Inicio do plan de renovación dos sistemas de gravación de vistas nas sedes xudiciais.**

3) GALICIA, MÁIS COOPERACIÓN

- Reforzo da cooperación cos concellos:
 - Xestión da auga, avanzando nun **protocolo para o desenvolvemento do Pacto Local referido ao ciclo urbano da auga.**
 - Emerxencias. **Posta en marcha dos grupos de emerxencia supramunicipal.**
 - Mobilidade. **Incorporación de novos concellos aos Plans de Transporte Metropolitano da Coruña ou Santiago.**
- **Colaboración para actuar do xeito máis coordinado posible en caso de desafiuzamentos.**

- **Actualización de novos PXOM**, aprobados nos casos de Camariñas, Mesía, A Coruña e Láncara.

- Fomento da cooperación entre os propios concellos:
 - **Todas as convocatorias de axudas deberán primar cunha maior puntuación as solicitudes presentadas conxuntamente por varios concellos.**

- Cooperación co Goberno central:
 - Xustiza: desbloqueo dun convenio que permitirá o **desenvolvemento do expediente xudicial electrónico** (5 M €).
 - Innovación: Desbloqueo de recursos como xa se ten feito a través da **Estratexia de Innovación** (35 M €) ou da segunda convocatoria do **Programa Feder – Interconecta** (75 M €).
 - Policía Autonómica: **Desbloqueo da incorporación de novos efectivos, que sumará outros 50 axentes** aos 90 novos efectivos que xa están traballando en Galicia dende o pasado ano.
 - AVE: Desbloqueo de novos pasos para que sexa unha realidade. A semana pasada autorizouse un contrato das obras de montaxe das vías do Eixo Atlántico entre Vilagarcía e Padrón (47,5 M €).
 - Estradas: **Acordo para ampliar a AP-9 e rebaixar a peaxe no tramo Pontevedra – Vigo.**
 - Fondos europeos: Desbloqueo do presuposto comunitario respectando as expectativas de Galicia respecto á **creación dunha rede de seguridade**, tal e como se logrou no último Consejo Europeo.

- Colaboración cos grupos parlamentarios:
 - Acordo para constitución dunha **comisión de investigación sobre a xestión das caixas galegas e doutra de estudo para a prevención da corrupción.**
 - **Calendario lexislativo para remitir á Cámara máis de 40 leis.** Nestes 100 primeiros días, xa se remitiron un total de 8: Lei do taxi, lei de Telecomunicacións, lei de Estradas, lei de Galeguidade, lei de Caza, lei de Innovación, lei de modificación dos horarios comerciais e lei de Universidades.

4) BLINDAR E MELLORAR O ESTADO DE BENESTAR

- **Programa para que afectados por execucións hipotecarias** poidan ser realoxados en vivendas de promoción pública que estean baleiras.
- **Programa Aluga** correspondentes a este 2013.
- Mellora da oferta social:
 - En **garderías**: Co inicio dos trámites para crear **1.563 novas prazas públicas**, das 2.100 previstas para este 2013.
 - En **residencias**: Con **125 novas prazas públicas** a disposición de persoas con algún tipo de dependencia.
 - Axudas aos máis desfavorecidos: cun **38 % máis de axudas para a RISGA** ou ou **54% de incremento en axudas de integración social**.
 - Pensionistas: Coa **aprobação dunha paga extraordinaria de 206€ para os máis de 43.000 beneficiarios das pensións non contributivas**.
- Mellorar a calidade da Educación Pública.
 - Novo **Decreto de Admisión de alumnos** nos centros públicos e concertados.
 - **Extensión dos contratos-programa**, de xeito que o 30% dos colexios xa contan con este instrumento que permite a cada centro traballar de forma máis autónoma na loita contra o fracaso escolar.
- Mellorar a Sanidade Pública.
 - **Programa de detección precoz do cancro colorrectal**
 - **Estratexia de atención á cronicidade en Galicia**.
 - **Menos esperas**: Hoxe os pacientes máis graves teñen unha espera media duns 17 días (23 días menos que hai catro anos). E os pacientes graves agardan unha espera media de algo máis de 58 días (22 días menos que en 2008). Obxectivo no que se afondará cunha Lei de Garantías Sanitarias na que xa se comezou a traballar a finais da pasada lexislatura.

- Meliores infraestruturas sanitarias:
 - O novo **Hospital Público de Vigo**, que conta cun plan de financiamento pechado.
 - **Ampliación do Hospital Público da Coruña**, cuxa construción estase a axilizar.
 - **Ampliación do Hospital Público de Ourense**, desbloqueada nos cen primeiros días a licitación.
 - Inicio dos trámites para facer realidade a **ampliación do Hospital da Costa**.

- Avanzar no obxectivo da igualdade plena e efectiva entre mulleres e homes: **Plan galego para a Igualdade entre mulleres e homes**. Estratexia 2013- 2015, cun investimento de 200 millóns de euros en 320 actuacións.

(5) IMPULSO ECONÓMICO

- Esta arranque de lexislatura ten servido para poñer de manifesto que Galicia:
 - Volverá cumprir as esixencias de déficit
 - Manterá a súa solvencia
 - Blindará todas as súas prestacións públicas básicas
 - Seguirá atenuando aquelas decisións nas que haxa marxe de manobra para as Comunidades
 - Poñerá novos instrumentos para transitar cara o crecemento nesta lexislatura.

- Unha das principais novidades nestes cen días é a creación dun **Fondo para o Crecemento**, dotado con arredor de **386 M€**, e que priorizará as medidas que responden aos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia.

- Medidas para frear o desemprego:
 - Inxección económica de **40,4 M€**, que permitirá a **14.000 persoas desempregadas beneficiarse de cursos de formación**.
 - Nova **convocatoria para acreditar a experiencia profesional** que teñen moitos galegos, pero que non ten recoñecemento específico
 - Novo **contrato de formación para loitar contra o desemprego dos menores de 30 anos**.

- Apoio ao **sector lácteo**: Acordo co sector lácteo no que se plasmou o compromiso da Xunta de Galicia para adoptar as medidas precisas e facer as xestións oportunas que contribuíron a que o prezo do litro do leite en Galicia se incrementara un 10% nos últimos 2 meses.
- Apoio ao **sector agrario**: Cun convenio co Ministerio de Hacienda a través do cal Galicia incorporou ao Banco de Terras de Galicia máis de 6.000 hectáreas de fincas de propietario descoñecido.
- Apoio ao **sector forestal**: Por exemplo, avanzando na tramitación do Decreto de Instrucións para a Ordenación dos Montes de Galicia.
- Apoio ao **sector acuícola**: Por exemplo coa Declaración de Incidencia Supramunicipal do Plan Director da Acuicultura Litoral.
- Apoio ao **sector naval**: Convenio de colaboración con PYMAR que permitirá inxectar 60 M€ en avais.
- Apoio ao **sector da automoción**: Con máis recursos que melloren a súa competitividade como 1 millón de euros destinados a Ceaga recentemente.
- Apoio ao **sector eólico**: Con novos investimentos e cun recurso de Inconstitucionalidade ao Real Decreto-Ley aprobado polo Goberno Central que suprimiu as primas ás enerxías renovables.
- Apoio **sector do Turismo**: Coa creación da Axencia de Turismo e desenvolvendo novas accións de promoción (participación en Fitur).
- En materia de **innovación**:
 - Posta en funcionamento da **Axencia de Innovación**,
 - **Segunda convocatoria do Programa Interconecta**,
 - Desbloqueo da **Estratexia de Innovación**,
 - **Nova liña de axudas para a innovación de pemes** por 12 M€.
- En materia de **internacionalización**:
 - **Inclusión de 5 M€ nos orzamentos para a posibilidade dun dique flotante en Navantia, que complemente os traballos coa petroleira PEMEX** para o inicio da construción dos dous floteis previstos na Ría de Ferrol e na Ría de Vigo.

- En materia de **emprendemento**:

- **Paquete de incentivos fiscais para os emprendedores,**
- **Inicio dos trámites para a aprobación da Lei do Emprendemento.**

XUNTA, PODER XUDICIAL E FEGAMP ALÍANSE PARA EVITAR A EXCLUSIÓN SOCIAL DA FAMILIAS GALEGAS AFECTADAS POLOS DESAFIUZAMENTOS

- ***Asinarán un convenio de colaboración para coordinar conxuntamente medidas de carácter social que dean resposta aos casos de desafiuzamento das persoas en especial risco de exclusión e vulnerabilidade***

O Consello da Xunta desta mañá deu o visto e praxe a un convenio de colaboración entre a Xunta, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para coordinar conxuntamente medidas que dean resposta aos casos de desafiuzamento en que se detecten supostos de vulnerabilidade, coa finalidade de dar conta desta situación aos servizos sociais -autonómicos ou locais- e pór en marcha os programas de realoxamento, se se cumpren os requisitos establecidos.

A situación de crise económica dos últimos anos motiva que moitos cidadáns se atopen inmersos en procedementos de execución que terminan en poxa e adxudicación das súas vivendas, co conseguinte risco de exclusión social de miles de familias. Por este motivo, o convenio aprobado hoxe establece un protocolo de actuación para que, nas situacións que a autoridade xudicial considere en especial risco de exclusión e vulnerabilidade -como, por exemplo, por razóns de idade ou imposibilidade para valerse por si mesmas-, atopen unha resposta das Administracións sensible e adecuada.

Execucións hipotecarias

O texto abrangue dous supostos: os desafiuzamentos derivados dun procedemento de execución hipotecaria e os que se producen por impagamento da renda. No caso das execucións hipotecarias sobre a vivenda habitual, o texto di que cando o xuíz observe que ao se efectuar o requirimento de pagamento non se informou o debedor de maneira clara e veraz do contido e posibilidades previstas no Código de boas prácticas bancarias, adoptará as medidas oportunas para que se lle remita ao debedor unha nota comprensiva, co fin de que o destinatario poida, se fose o caso, facer as alegacións que considere pertinentes, sen suspender o curso do procedemento.

Así mesmo, se durante a tramitación da execución hipotecaria se detectase a existencia dunha eventual situación de vulnerabilidade, desvalemto ou de risco de exclusión social, daráselle traslado á Consellería de Traballo e Benestar ou aos servizos sociais do correspondente concello para que a Administración poida realizar as xestións necesarias para analizar a problemática e, se procede, adoptar as medidas encamiñadas a asegurar a actuación dos servizos sociais. Tamén daráselle inmediata conta ao xuíz, quen resolverá se procede decretar a suspensión polo prazo imprescindible –nunca superior a dez días– para que os servizos sociais poidan facer unha valoración provisional das circunstancias e acometer a actuación que proceda.

En todo caso, efectuada a comunicación e examinada a situación, o departamento administrativo correspondente adoptará a decisión que proceda, que poderá consistir en formular unha proposta de intervención –podendo se lle dará traslado ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) se concorren os requisitos para a súa inclusión no programa de realoxamentos– ou en declinar esta por considerar que as circunstancias non permiten concluír que se trate dunha situación que entre no marco ou esfera de actuación dos servizos sociais. Calquera das dúas decisións será comunicada ao órgano xudicial que, se a proposta fose positiva, procurará axear a tramitación para garantir a tutela e efectividade dos intereses lexítimos de ambas as partes.

Falta de pagamento da renda

Doutra banda, cando se trate dun desafiuzamento por falta de pagamento da renda o convenio recolle a necesidade de que canda a citación a xuízo e a copia da demanda se achegue un folleto informativo dos servizos e programas de asistencia social, autonómicos ou locais, a través de deputacións ou concellos.

Igual que no caso anterior, cando se detecte unha situación de especial vulnerabilidade ou desvalemento, daráselle traslado á Consellería de Trballo e Benestar ou aos servizos sociais do correspondente concello para que, a Administración poida realizar as xestións necesarias para analizar a problemática e, se procede, adoptar as medidas encamiñadas a asegurar a actuación dos servizos sociais. Así mesmo, daráselle inmediata conta ao xuíz, quen resolverá se procede decretar a suspensión polo prazo imprescindible –nunca superior a dez días– para que os servizos sociais poidan facer unha valoración provisional das circunstancias e acometer a actuación que proceda no ámbito dos servizos sociais.

Obrigas das partes

Para cumprir con estes requisitos, o Consello Xeral do Poder Xudicial comprométese a elaborar e pór á disposición dos xulgados os folletos informativos e os formularios normalizados -en papel e en soporte electrónico-, así como tamén a información existente sobre a organización, funcionamento e competencias dos servizos sociais; proporcionaralle á Xunta de Galicia os ditos formularios para a súa inserción nas aplicacións informáticas de xestión procesual, e elaborará un rexistro informático que permita o estudo estatístico das actuacións realizadas.

A Xunta facilitará, a través da Consellería de Trballo e Benestar, ao CXPX e aos xulgados da zona toda a información dispoñible sobre a estrutura, redes, organización, funcionamento e recursos dos servizos sociais e sobre os programas de asistencia social; e a identificación do departamento e persoal responsables, para os efectos das comunicacións previstas no convenio. Ademais, comprométese, a través das consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Trballo e Benestar, no ámbito das súas respectivas competencias, a dar unha resposta inmediata e unha

tramitación urgente ás solicitudes remitidas polos xulgados e a comunicar a resolución que poña fin ao expediente.

En último lugar, a Fegamp promoverá entre os seus asociados o coñecemento do convenio, buscando a súa colaboración para a execución dos seus compromisos, e – como no caso da Xunta- facilitará ao CXPX e aos xulgados toda a información dispoñible sobre a estrutura, redes, organización, funcionamento e recursos dos servizos sociais e sobre os programas de asistencia social, así como a identificación do departamento e persoal responsables para os efectos das comunicacións, procurando que os seus asociados dean unha resposta inmediata e unha tramitación urgente ás solicitudes remitidas polos xulgados e comuniquen a resolución que poña fin ao expediente.

A NOVA LEI DO EMPRENDEDOR TEN COMO OBXECTIVO INCREMENTAR A TAXA DE EMPRENDEMENTO NUN 60% NOS PRÓXIMOS 4 ANOS

- ***O anteproxecto de lei recolle a constitución da Unidade Galicia Emprende, que facilitará a avaliación de novos proxectos en menos de 30 días e a posta en marcha e consolidación de empresas en menos de 48 horas***
- ***Introduce novas medidas fiscais de apoio ao emprendemento***
- ***Mobilizará 15 millóns de euros cunha nova liña de microcréditos e un fondo de capital risco para emprendedores***
- ***Pretende garantir un apoio integral aos emprendedores como principais dinamizadores da economía galega, impulsores do crecemento económico e da xeración de emprego***

A nova Lei do emprendemento impulsada pola Xunta de Galicia ten como prioridade dotar aos emprendedores galegos dun marco integral de apoio ás súas iniciativas empresariais, ordenando e coordinando os recursos da Administración e favorecendo o investimento público e privado co obxectivo de retomar o crecemento. Deste xeito, a norma configúrase como un instrumento clave na dinamización económica e na xeración de proxectos e empresas, facendo dos emprendedores axentes fundamentais para a activación do mercado laboral coa meta de acadar un incremento do 60% nos próximos catro anos na Taxa de Emprendemento (índice TEA), pasando do 4,7% ao 7,5%, permitindo superar a cifra de 130.000 emprendedores.

A nova norma, da que se informou hoxe ao Consello da Xunta, supón un gran reto para o Goberno galego na súa estratexia de impulsar o crecemento económico, e consensuarase cos distintos axentes económicos e sociais galegos, tendo en conta as súas opinións e propostas na procura do texto máis completo posible.

O anteproxecto de lei, que está sendo deseñado pola Consellería de Economía e Industria, configúrase como a máis completo do Estado no ámbito do emprendemento, e potencia non só o desenvolvemento de novos proxectos, senón tamén aquelas iniciativas xa iniciadas que contén con menos de 42 meses de vida.

Entre os obxectivos da Lei do Emprendemento de Galicia está dotar de novas posibilidades de financiamento os emprendedores, ao tempo que simplificará o proceso administrativo para a constitución de empresas. Así, entre as súas principais novidades destaca a Unidade Galicia Emprende, destinada a dar un servizo integral de apoio e asesoramento para a creación de empresas. A través deste servizo, o Goberno galego comprométese a avaliar os proxectos maduros facilitando o seu informe de viabilidade en menos de 30 días e axilizar os trámites administrativos para a constitución dunha nova empresa en menos de 48 horas.

Apoio financeiro e beneficios fiscais

A futura lei recolle unha serie de apoios, a través do Igape e Xesgalicia, e beneficios fiscais para os novos proxectos. Deste xeito, constituirase un fondo de capital risco específico que mobilizará 5 millóns de euros, ao tempo que se habilitará unha liña de microcréditos co obxectivo de acadar 10 millóns de euros de mobilización entre capital público e privado para proxectos de emprendemento.

Así mesmo, reforzarase a figura do investidor particular *-business angel-* co fin de consolidar unha rede galega de investidores privados, que prestarán apoio económico directo a proxectos individuais para favorecer o seu desenvolvemento.

Para incentivar a xeración de proxectos, a norma introducirá novas medidas fiscais de impulso á actividade emprendedora. Neste sentido, a dedución do 20% do IRPF prevista na Lei de orzamentos deste ano para os que invistan en accións ou participacións de novas empresas, amplíase para aqueles que concedan créditos para a creación de empresas. E a redución do 95% no Imposto sobre sucesións e doazóns de diñeiro para a constitución dunha nova empresa polos menores de 35 anos esténdese para calquera tipo de ben destinado á mesma finalidade.

Ademais, a bonificación do 75% na cota do Imposto sobre patrimonio por creación de empresas ou ampliación de actividade amplíase aos investimentos para adquisición de accións ou participacións sociais en novas entidades, e para a adquisición de locais de negocios ou para a constitución de préstamos e hipotecas establécese unha dedución nos actos xurídicos documentados.

Apoio en todas as fases do proceso

A nova lei dotará así a Comunidade dun marco favorable para o emprendemento, acelerando a consolidación e crecemento das empresas máis novas. Para iso, atenderase a todas as fases do negocio, desde o comezo ata a súa consolidación. De feito, a norma prevé a creación e coordinación de servizos ao emprendemento no ámbito da capacitación durante todo o proceso de maduración empresarial.

Así, ademais de consolidarse o Plan EduEmprende no sistema educativo galego, formaranse os emprendedores para a elaboración de plans de negocio na etapa de creación empresarial acompañarase a empresa no seu proceso de maduración a través da Rede de mentores e atenderase as posibilidades de expansión dando soporte a promoción internacional das empresas.

Neste contexto, cómpre salientar que, á hora de prestar apoio económico, terán preferencia aqueles proxectos que teñan a consideración de innovadores, como chave para unha maior competitividade, priorizando, tamén, a súa vocación internacional.

Así mesmo, prestarase especial atención aos proxectos promovidos pola mocidade, fomentando deste xeito a incorporación do talento das novas xeracións ao tecido empresarial galego.

Para coordinar todas estas actuacións, prevese a creación dun Consello Galego de Emprendemento no que estarán representados axentes públicos e privados do mundo emprendedor. Así, está previsto que o Consello conte coa participación de entidades asociativas e corporativas, así como con centros de coñecemento.

A XUNTA IMPULSA A EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS CONCELLOS GALEGOS CON 3,6 MILLÓNS DE EUROS PARA RENOVAR A ILUMINACIÓN PÚBLICA EXTERIOR

- ***O esforzo orzamentario incrementábase un 50% con respecto ao ano pasado***
- ***Como novidade, incentívanse os proxectos desenvolvidos por agrupacións ou fusións de concellos, que contarán cunha valoración dun 30% máis***
- ***A contía máxima da axuda será do 70% do investimento, podendo alcanzar ata 42.000 euros, e incrementábase nun 15% para as agrupacións e fusións con respecto ao que lle correspondería a cada municipio de xeito individual***
- ***A través do aforro enerxético que se deriva destas actuacións contribúese á mellora da situación económica dos concellos***
- ***A liña de axudas complementa á nova Unidade de Aforro Enerxético Local que, en colaboración coa Fegamp, mellorará a eficiencia enerxética municipal e detectará posibles abusos na facturación***

A Consellería de Economía e Industria, dentro do programa de axudas para o aforro e a eficiencia enerxética, destina máis de 3,6 millóns de euros para a renovación nos concellos das instalacións de iluminación pública exterior. Así, a través desta liña do Inega, aqueles municipios que o soliciten poderán acceder a axudas para renovar os seus actuais equipamento por outros máis eficientes, desenvolvendo proxectos que poden supor ata un 50% de aforro no custo da factura eléctrica das instalacións substituídas.

A convocatoria, da que se informou hoxe no Consello da Xunta, supón un incremento do 50% con respecto á cifra do ano pasado. Aspírase, así, a desenvolver preto dun centenar de proxectos, que contarán cunha contía máxima da axuda do 70% do investimento, podendo alcanzar ata 42.000 euros.

Así mesmo, e como novidade, este ano incentívanse os proxectos desenvolvidos por agrupacións ou fusións de concellos, que contarán cunha valoración dun 30% máis, incrementándose tamén nun 15% a contía da axuda con respecto ao que lle correspondería a cada municipio de xeito individual.

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días a partir da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Coa execución destes proxectos obterase un importante aforro enerxético e económico, contribuíndo deste xeito á mellora da situación financeira das administracións locais. Ademais acadaranse importantes vantaxes ambientais, como a redución das emisións de CO2 ou a diminución da contaminación lumínica que sofren os concellos.

A través da convocatoria desta liña, a Consellería de Economía e Industria reforza as distintas actuacións que xa estaba impulsando no eido enerxético municipal, entre as

que destaca a Unidade de Aforro Eléctrico Local, proxecto que recolle un completo paquete de medidas que se desenvolverán en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para mellorar a eficiencia enerxética municipal e detectar posibles abusos na facturación.

Desde o punto de vista técnico, a Unidade contará cunha asesoría enerxética de carácter multidisciplinar para resolver as dúbidas dos municipios; cun “optimizador da facturación” de electricidade, dispoñible na páxina web do Inega; e cun servizo de auditorías enerxéticas en liña que permitirá aos concellos levar a cabo avaliacións adaptadas ás súas particularidades. Por medio do Laboratorio de Metroloxía desenvolveranse tamén inspeccións co obxectivo de verificar o correcto funcionamento dos contadores naqueles concellos que o soliciten.

A Unidade conta coa participación do Instituto Galego de Consumo, que asesorará á Fegamp na súa mediación coas empresas comercializadoras co obxectivo de prestar o apoio necesario aos concellos galegos para canalizar axeitadamente as reclamacións que poidan formular.

TODOS OS CENTROS DO SERGAS DESENVOLVEN A ESTRATEXIA DE ATENCIÓN INTEGRAL Á DOR

- ***Esta actuación pretende incorporar a atención á dor como un valor ético dentro do Sergas e aumentar a eficiencia dos recursos sanitarios dispoñibles para a atención a estes doentes***
- ***Conseguir a valoración da dor como 5ª constante en polo menos o 70% dos pacientes hospitalizados nos centros asistenciais do Sergas é un dos principais obxectivos***
- ***A Estratexia tamén abordará a dor no paciente pediátrico co desenvolvemento do Proxecto tolerancia zero á dor infantil***
- ***A creación de e-escola da dor e o programa Paciente experto en dor son outros dos obxectivos***

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, informou o Consello da Xunta dos resultados e desenvolvemento da Estratexia de atención integral á dor co obxectivo único de mellorar a calidade de vida das persoas con dor e dos seus achegados. Esta actuación está incluída na Estratexia Sergas 2014 e pretende incorporar a atención á dor como un valor ético dentro do Servizo Galego de Saúde, e aumentar a eficiencia na xestión dos recursos sanitarios dispoñibles para a atención a este tipo de doentes.

A finais do ano 2010 incluíuse a valoración da dor como 5ª constante e o seu rexistro na gráfica de constantes do aplicativo de xestión de coidados de enfermaría, conseguindo en 2011 que o 32% dos pacientes ingresados tivesen rexistro da dor na gráfica, incrementando esta cifra en 2012 ao 70% dos pacientes, 152.997 pacientes con valoración da dor dos 219.196 ingresos no ano 2012.

No ano 2013 preténdese consolidar estes datos, co obxectivo de que non pase desapercibida a dor no sistema sanitario e que o tratamento se adecúe á intensidade e ao impacto da dor.

Outro dos obxectivos de cara aos vindeiros anos é mellorar a abordaxe da dor no paciente pediátrico co desenvolvemento do Proxecto tolerancia zero á dor infantil. Tamén se pensa implantar o procedemento de atención ao paciente con dor crónica non oncolóxica en todos os centros de atención primaria e deseñar un rexistro de dor na historia clínica electrónica IANUS, así como un programa para a avaliación e ordenación das unidades de dor dos hospitais do Sergas.

No eido da formación e divulgación os obxectivos son: establecer un programa de formación dirixido aos profesionais centrado na xestión da dor e impulsar a participación dos cidadáns como axentes activos para a prevención da dor, dándolles capacidade de xestionar o seu propio proceso con formación.

Entre estas actuacións destacan a posta en marcha de e-escola de dor e o programa "Paciente experto en dor" con actividades formativas presenciais e en liña, facilitando a accesibilidade á información e á formación á poboación xeral nesta materia. Ambas a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, que completará a súa web con máis información neste eido.

Implantación progresiva

Esta estratexia do Sergas está en liña coa da Organización Mundial da Saúde (OMS) e outros organismos internacionais que recomendan unha abordaxe proactiva da dor, así como das liñas de traballo impulsadas polo Ministerio de Sanidade no marco da Estratexia de Atención á Cronicidade para achegarse ao problema dende unha visión anticipatoria.

O Servizo Galego de Saúde leva dende outubro de 2010 traballando nesta liña, mediante a creación de grupos de mellora da atención ao paciente con dor en todos os hospitais do Sergas, a elaboración e distribución de dípticos informativos para pacientes, regras coas escalas para a valoración da dor e póster para a sensibilización de profesionais e pacientes. Tamén durante ese ano se impartiron varias accións formativas como o primeiro curso on line de dor dirixido á profesionais, impartido a través da FEGAS, no que participaron 200 profesionais sanitarios dun total de 1054 solicitudes recibidas.

En 2012 publicouse no DOG o Decreto para a constitución da Comisión Galega de Estratexia Contra a Dor, multidisciplinar, na que participan dous pacientes propostos polo Consello Asesor de Pacientes.

A Estratexia presentouse en reunións científicas entre as que destacamos a reunión Pain in Europe VII –7th Congress of the European Federation of IASP Chapters (EFIC®) celebrada en Hamburgo en 2011 e na reunión SIP (impacto social da dor) celebrada no Parlamento Europeo en 2011 e SIP en Copenhague en 2012. O traballo do Sergas na estratexia recibiu un recoñecemento no *XXX Congreso da Sociedade Española da Calidade Asistencial* en 2012 por ser a única Comunidade Autónoma que ten implantado o procedemento de valoración da dor como 5ª constante en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde.

Datos

A dor é un problema sanitario e social de primeira magnitude, é un dos trastornos que máis afecta e preocupa as persoas, e o síntoma acompañante que con maior frecuencia motiva unha consulta médica.

A dor está presente no transcurso da vida de practicamente todos os individuos e, cando aparece, afecta de forma moi importante a calidade de vida das persoas que a padecen, as súas familias e ademais pode ter serias consecuencias sociais, e incluso económicas para o propio individuo e a súa familia, así como efectos adversos

fisiopatolóxicos e psicoemocionais, aumento da morbilidade e alongamento das estancias hospitalarias.

A dor incrementa por cinco a posibilidade de utilización de servizos sanitarios, o que supón unha importante carga en custos directos e indirectos. Ademais, é o motivo de consulta máis frecuente en atención primaria.

A mostra española do estudo "Pain Europe" amosa datos impactantes como que o 11% da poboación española sofre dor crónica, que os pacientes afectados sofren dor durante 9 anos, ou que o 22% necesitou entre 5 e 10 anos para alcanzar un control axeitado da dor; que o 4% dos afectados se viu obrigado a cambiar de traballo a causa da dor, ou que case o 30% necesitou consultar con tres ou máis médicos de distintas especialidades, ou que cada paciente activo perde ao ano preto de 16 día laborables.

O estudo "National Health and Wellness Survey (NHWS) 2010" compara a prevalencia da dor nas cinco comunidades autónomas máis poboadas do noso país, sendo Galicia a segunda con maior prevalencia (18.38%), despois da Comunidade Valenciana (18.79%).